CURSO DE OFICIAL TÉCNICO NIVEL 2

OBXECTIVOS

♦ Especialización en labores de Xuíz Árbitro e Responsable de Oficiais en competicións autonómicas.
♦ Paso previo para aspirar ao curso de Oficial Nivel 3 (Oficial Técnico Nacional)
♦ Participar como profesor nos cursos de Oficial Nivel 1 (Autonómico)
♦ Entender a importancia do papel dos xuíces e oficiais no tríatlon
♦ Ter amplos coñecementos do regulamento de competicións
♦ Ter capacidade para redactar os informes das competicións
♦ Ter capacidade de organización e distribución de xuíces e oficiais
♦ Coñecer e saber aplicar os procedementos e protocolos de publicación de sancións e resultados
♦ Capacidade de formación en áreas concretas nos cursos de formación de Oficiais Nivel1 (Autonómico)

TEMARIO

Revisión de regulamento de competicións	1 hora
Xuíz Árbitro	1,5 horas
Responsable de xuíces e oficiais	1,5 horas

(*) Extensión de 2 horas para a formación nas medicións do segmento de carreira a pé

Total fase teórica 4 horas

AVALIACIÓN

A FETRI, a través do Comité de Jueces y Oficiales, designará un titor para a parte teórica, que enviará aos aspirantes un exercicio teórico, será devolto ao titor nos sete días seguintes á recepción do mesmo. O titor, comunicará ao Xefe de Estudos, o resultado da avaliación, considerando a partir de ese momento ao aspirante como **APTO** ou **NON APTO.**

PERIODO DE PRÁCTICAS

Prácticas en 2 competicións, e sempre que se superase a fase teórica, baixo a supervisión dun titor asignado polo Xefe de Estudos para cada competición, e que ao final cualificará ao alumno como **APTO** ou **NON APTO.** Unha das prácticas será como asistente do Xuíz Árbitro, mentres que a outra como asistente do Responsable de Oficiais. As prácticas non serán remuneradas.

Total fase práctica 12 horas

Aspirantes:

Requisitos para optar á categoría de Oficial Técnico N2.

♦ Ter categoría de Oficial Nivel 1 como mínimo durante as dúas tempadas anteriores á realización do curso
♦ Certificar como mínimo 12 competicións como Oficial Nivel 1 (non computan as actuacións en prácticas), sempre e cando a metade se fixeran na tempada na que se aspira a esta categoría
♦ Ser proposto pola Territorial para ascender a esta categoría.
♦ Non estar suxeito a ningún proceso disciplinario do Comité Autonómico ou Nacional.
♦ Figurar na base de datos de certificación da FETRI como que pode ascender a esa categoría no ano solicitado no momento de revisar as actas de formación, comprobarase que pode ascender ese ano. De no ser así non se lle considerará apto.

Extracto do regulamento de Formación de Ofiales Técnicos FETRI (Rev.2013)